

Informe técnico sobre as proposicións presentadas no sobre C polas empresas concorrentes na contratación administrativa para a xestión da seguridade e vixilancia, e proposta de clasificación de ofertas.

O obxecto deste informe técnico é o estudo, avaliación e proposta de puntuación das proposicións presentadas polas empresas concorrentes nos respectivos sobre C, coa documentación técnica e relativa aos criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas, na contratación administrativa para a xestión da seguridade e vixilancia do Parlamento de Galicia, remitidos a este Servizo pola Mesa de contratación, e posterior clasificación por orden decrecente segundo a puntuación total obtida.

I. Antecedentes:

Os pregos que rexen esta contratación foron aprobados pola Mesa do Parlamento na súa reunión do 2 de agosto de 2016, e publicados no BOPG nº 689, do 11 de agosto de 2016. O anuncio de licitación publicouse no DOG nº 168, do 5 de setembro de 2016.

II. Empresas concorrentes:

- Eulen Seguridad, S.A.
- Grupo RMD Seguridad, S.L.

III. Criterios de adxudicación:

Segundo o apartado 15 do cadre de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexea esta contratación, os criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas, son os seguintes:

a) Prezo: de 0 a 40 puntos: Ponderaranse as ofertas adxudicando os puntos de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación i} = 40 \times \frac{\text{Orzamento licitación – oferta i}}{\text{Orzamento licitación – oferta más baixa}}$$

b) Número de efectivos adicionais para vixilancia e seguridade para a cobertura de sesións plenarias e actos extraordinarios: ata 8 puntos

Non se valorarán ofertas inferiores a un efectivo adicional. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicáráselles a máxima puntuación. Ás demás asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

c) Bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias: ata 3 puntos.

Non se valorarán ofertas de horas inferiores a 300 horas. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicáráselles a máxima puntuación. Ás demás asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

IV. Ofertas presentadas no sobre C para os criterios disponibles de forma automática por aplicación de fórmulas:

| EMPRESA | Oferta económica (sen IVE) | Número de efectivos adicionais | Bolsa de horas para a atención de tarefas extraordinarias |
|---------------------------|----------------------------|--------------------------------|---|
| Eulen Seguridad, S.A. | 181.990,00 € | 2 | 500 |
| Grupo RMD Seguridad, S.L. | 177.032,40 € | 4 | 400 |

Todas as ofertas presentadas están dentro dos respectivos orzamentos máximos, polo que todas deben ser admitidas. Compróbase que ningunha oferta económica esta incursa en baixa anormal ou desproporcionalada.

V. Aplicación da fórmula de cálculo sobre os prezos ofertados polos licitadores:

Da aplicación das respectivas ofertas ás fórmulas establecidas no prego para a determinación da puntuación obtida por cada proposición, resulta a atribución da seguinte puntuación:

| EMPRESA | Oferta económica | Número de efectivos adicionais | Bolsa de horas para tarefas extraordinarias | Total |
|---------------------------|------------------|--------------------------------|---|-------|
| Eulen Seguridad, S.A. | 1,71 | 4 | 3,00 | 8,71 |
| Grupo RMD Seguridad, S.L. | 40,00 | 8 | 2,40 | 50,40 |

VI. Puntuación obtida polas empresas nos sobre B, conforme aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor:

Por Acordo da Mesa de Contratación foille atribuída ás empresas a seguinte puntuación:

- Eulen Seguridad, S.A. 28 puntos.
- Grupo RMD Seguridad, S.L. 21 puntos.

VII. Resumo da puntuación atribuída ás ofertas presentadas:

Sumada a puntuación obtida polas empresas respecto de todos os criterios de adxudicación resulta a seguinte puntuación total:

| EMPRESA | Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor | Puntuación criterios disponibles por aplicación de fórmulas | Puntuación Total |
|---------------------------|---|---|------------------|
| Eulen Seguridad, S.A. | 28 | 8,71 | 36,71 |
| Grupo RMD Seguridad, S.L. | 21 | 50,40 | 71,40 |

VIII. Clasificación das ofertas

Procede clasificar as ofertas presentadas, en función da puntuación obtida, na seguinte orde:

- 1^a Grupo RMD Seguridad, S.L.
- 2^a Eulen Seguridad, S.A.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2016.

O xefe do servizo